



Actividades <i>Festa de Nadal, Gala contra o Cancro, Xornada Artístico-Cultural</i> Páxinas 2-3	Aspaber <i>Novas de Aspaber</i> <i>Encontro de Asociacións</i> Páxina 4-5	Campamentos de Verán <i>As datas e as Actividades</i> Páxina 6	Unha volta pola nosa Comarca <i>Actividades en Berdillo.</i> Página 7
---	--	--	---

AS ACTIVIDADES QUE FIXEMOS

Desde o anterior número da nosa revista fixemos moitas actividades. De todas elas falaremos neste 2º número de "D 'TROULA"

Iste é un pequeno adianto do que atoparedes:

- ▶A FESTA DE NADAL
- ▶NOVAS DE ASPABER
- ▶II ENCONTRO DE ASOCIACIÓNS DE CARBALLO
- ▶XORNADA ARTÍSTICO CULTURAL EN A CORUÑA
- ▶A GALA CONTRA O CANCRO
- ▶AS ASOCIACIÓNS DE BERDILLO



Neste número de "D 'TROULA falaremos das cousas que se fixeron en ASPABER e no Clube.

Houbo moitas actividades:

Nadal, a Gala contra o cancro, unha Xornada na Coruña.

D' Troula

A FESTA DE NADAL

O Sábado 20 de decembro de 2008 Aspaber celebrou a súa festa de Nadal. Participaron 330 persoas entre familiares, usuarios, profesionais...

O Acto tivo lugar no Pazo da Cultura de Carballo e no Centro ASPABER

No Pazo da Cultura de Carballo onde se representou a obra de teatro "Eskul" a cargo de Vagalume Animación.

Posteriormente, houbo un xantar no Centro ASPABER seguido dun baile a cargo de Chema Caruso.

Sinalar que durante a festividade, o Grupo de Familias sorteou varios premios (5 cestas navideñas e un xamón)



O 20 de Decembro
tivemos a festa
de Nadal, houbo teatro,
baile, sorteos...



GALA CONTRA O CANCRO

O xoves día 30 de abril fômosnos a ver a II Gala contra o cancro que tivo lugar en Ordes.

Actuaron a Orquesta Panorama e artistas invitados como:

David Bisbal,
David Bustamante,
Carlos Baute,
Marta Sánchez,
OBK, Melocos,
KiKo e Sara,e
moitos máis.

Aínda que había moita xente (50.000 persoas) conseguimos velos a todos, pasámosnolos moi ben.

Fomos 28 persoas.



XORNADA ARTÍSTICO - CULTURAL

Dentro do calendario de Lúa Norte, o sábado 25 de abril participamos na xornada Artístico-Cultural, que nesta ocasión estivo organizada polas Asociacións Aspronaga e Fundación Adcor, ambas de Coruña.

O nº de participantes por parte do noso Clube foi de 42 persoas entre usuarios e voluntarios.

Aprendemos a facer moitas cousas como coiro, abalorios, fotografía, radio, graffiti, teatro, percusión, etc... Pasámosnolo moi ben e coñecemos a moita xente!



*Estivemos na Coruña
facendo moitas
actividades e talleres.*

*Houbo talleres de
Cociña, de graffiti,
fixemos un programa
de radio e moitas
cousas máis.*

Pasámolo moi ben.



Chegamos sobre ás 10:30 da mañá. Como estaba previsto mal tempo fomos ao Centro Social "Sagrada Familia"

Os Talleres que se fixeron foron: Batuka/Bailes de Salón, punto de creu, chapas, fotografía, percusión, pedras decoradas, serigrafía caseira, teatro, pintura, radio, abalorios, ioga, coiro, cociña, graffiti, calceta...

Foron as persoas con discapacidade as que dirixían os talleres. Sobre ás 2 da tarde paramos para xantar e despois dunha pequena exposición dos traballos realizados houbo visita á "Casa das Ciencias"

ASPABER

Aspaber segue a organizar actividades para as familias e a participar en eventos de Carballo.

Destacaríamos as seguintes:

Unha charla Xurídica, a Presentación da Guía de Saúde, Participación no día da Muller Traballadora e no Banco do tempo.

A Guía de Saúde


O pasado día 28 de febreiro, e contando coa participación de 45 asistentes, presentouse en ASPABER a GUÍA DE SAÚDE

Esta guía nace dende o Grupo de Familias para dar resposta ás distintas inquedanzas acerca da saúde.

Foi elaborada coas distintas aportacións e reflexións traballadas durante varias sesións do grupo.

Posteriormente foi completada con diversa bibliografía.

En canto as temáticas tratadas na guía, destacar as seguintes: A alimentción, os hábitos hixiénicos, os controis médicos chequeos e prevención, a actividade física e deporte así como unha parte de primeiros auxilios,...



CHARLA XURÍDICA

Como sabedes en Aspaber dispón de un programa chamado "Programa de Familias". Nel as familias contan con un espazo onde expoñer as súas inquedanzas e preocupacións.

Fruto de estas conversas xurdiu a necesidade de organizar unha charla na que poder falar de aspectos legais relacionados co futuro dos seus fillos e fillas.

Aspaber conseguiu unha xuntanza con María José Fernández Matías, avogada da asesoría xurídica de FADEMG.

Acudiron 55 familias

Na primeira parte da charla, a avogada expuxo os temas (Proceso de incapacitación, ley de patrimonio protexido,...) e logo, na segunda parte, as familias poideron plantexar as dúbidas que tiñan ao respecto.

DÍA DA MULLER TRABALLADORA / O BANCO DO TEMPO

En conmemoración do 8 de marzo (Día Internacional de Muller Traballadora), a Coordinadora Comarcal da Marcha Mundial das Mulleres de Bergantiños, organizou un cine-fórum que consistiu na proxección da película "En terra de homes", e posteriormente houbo un coloquio non que participaron M^a Carmen Varela (Asociación Mulleralia), Elena Míguez (Aspaber...traballadora do servizo de limpeza viaria do Concello) e Dolores Fernández García (Aspaber). Ou acto celebrouse o sábado 14 de marzo, non Telecentro do Pazo da Cultura (Carballo)

Tamén participamos no Banco de Tempo de Carballo, a primeira iniciativa é a de que os usuarios de Aspaber ensinasen a outras persoas a facer alfombra...





As Asociacións de Carballo están a traballar para poder ofertar máis actividades de Ocio.

Se reuniron en Berdillo o día 28 de Marzo

2º ENCONTRO DE ASOCIACIÓNS

As asociacións que desenvolven a súa actividade na parroquia carballesa de Berdillo serviron como exemplo do labor que pode levar a cabo nunha parroquia. A súa foi o escenario do segundo Encontro do Asociacionismo, unha iniciativa do Concello de Carballo que trata de revitalizar ese traballo e de contribuír a que se faga en equipo.

Sáíron numerosas propostas, desde a creación dunha páxina web ata a constitución dunha federación de asociacións, pasando pola organización dunha homenaxe a Carlos O Xestal



ASOCIACIÓNS DE BERDILLO

Comisión de Festas	Son os encargados de facer que as festas patronais de cada parroquia sexan as máis sonadas.
Consello Parroquial	Deste xeito organizan xunto co párroco actividades como son a catequese, as festas patronais, as procesións e oficios da Semana Santa, o coro da igrexa ...
Agrupación Cultural Arume	Organiza todo tipo de actividades culturais, dirixidas a promover e difundir a cultura galega
Asociación Xuvenil Arume	Ten un Coro xuvenil, Grupo de Cámara de Verdillo, e tamén as escolas de baile e música tradicional que deron como froito os grupos: Grupo de Cantareiras Névedas, Pandereteiras Lilalla grupo de Baile Seara Obradoiros de traballos manuais e teatro infantil e xuvenil.
Asociación de Pensionistas	Veñen programando diferentes actividades para encher as súas horas de lecer ...
Asociación de Veciños	Programan ademais actividades para os socios, excursións, comidas como a xa tradicional FESTA DO SOCIO e bailes ...
Asociación Deportiva de Veteranos	Son aqueles que xogaron o fútbol en tempos quedalles o mono e voltan a pelota.
Sociedade Deportiva San Lorenzo	É a máis antiga das asociacións da parroquia. Ten un equipo de fútbol que hoxe xoga na 2ª Rexional e que xa xogou en Primeira durante catro tempadas.



Para que vexades o ben que o pasamos nos campamentos... nada mellor que "as fotos"



CAMPAMENTOS DE VERÁN

Xa estamos de volta dos campamentos de Verán do 2009.

As datas dos campamentos foron:

- * Do 25 ao 28 de Xuño fumos a Portugal (Colonia de Férias dá praia de Árvore)
- * Do 15 ao 19 de Xullo a Portonovo (Pontevedra)





Unha volta pola nosa comarca: **BERDILLO**

UNHA MOREA DE ACTIVIDADES

Se vives en Berdillo e tes ganas de facer cousas... Estás de sorte!!

Imos a contarche algunhas das actividades que se poden facer:

ASOCIACIÓN DE PENSIONISTAS:

ACTIVIDADES DO CURSO 2009

Taller de apoio a lectura e a escritura

para adultos (Mércres de 18:00h a 19:00h e Sábados de 10:30h a 11:30h)

Ximnasia (Martes de 17:00h a 18:00h e Viernes de 17:00h a 18:00h)

Baile latino para a 3ª idade (Sábados ás 19:30h)

AGRUPACIÓN CULTURAL ARUME

ACTIVIDADES DO CURSO 2009

Actividades con carácter continuado e puntuais, teatro, actividades musicais, obradoiros, cursos de formación, de igualdade de xénero, educación de adultos, exposicións, charlas e conferencias, ximnasia mantemento, antroido, cabalgata de Reis, cantares de Nadal e Reis, festivais, excursións e visitas culturais, acampadas, proxeccións e audicións musicais, ...

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS

ACTIVIDADES DO CURSO 2009

Taller de apoio a lectura e a escritura para adultos (Mércres de 18:00h a 19:00h e Sábados de 10:30h a 11:30h)

Break Dance (Viernes de 18:00h a 20:00h)
Baile latino para a 3ª idade (Sábados ás 19:30h)

Baile do Sábado pola noite (Tódolos primeiros sábados de mes a partires das 23:00h no Pub "San Lorenzo")

Cocido de Antroido (A fin de semana despois do martes de Antroido)

Festa do Socio (O primeiro fin de semana de Agosto)

Programanse, ademais, excursións e visitas durante o ano: Ribeira Sacra, Covadonga, O Cebreiro, Nazaret (Portugal). Illas Cíes, Ruta pola Costa da Morte



LECTURA FÁCIL

BERDILLO

En Berdillo hai moitas cousas que facer.

As Asociacións teñen actividades para os gustos de case todos.

Hai actividades deportivas, bailes, ximnasia, obradoiros e excursións.

ASOCIACIÓN XUVENIL ARUME

ACTIVIDADES DO CURSO 2009

-Obradoiro de teatro infantil e xuvenil: Sábado ás 12:00h

-Taller de manuais: Venres ás 18:30h

-Ensaio de cantareiras (Grupo Névedas): Sábado ás 20:00h

-Ensaio de baile tradicional (Grupo Seara): Sábado ás 21:00h

-Obradoiro de Informática: Xoves ás 20:30h